



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

meteogalicia

Informe climatolóxico ano 2015

INFORME CLIMATOLÓXICO ANO 2015



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	2
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2015 EN GALICIA	3
2.1.	Temperatura.....	3
2.2.	Precipitación.....	4
3	DESCRINCIÓN DO ANO 2015 EN GALICIA POR MES	5
3.1.	Xaneiro.....	5
3.2.	Febreiro.....	5
3.3.	Marzo.....	6
3.4.	Abril.....	6
3.5.	Maio.....	6
3.6.	Xuño.....	7
3.7.	Xullo.....	7
3.8.	Agosto.....	8
3.9.	Setembro.....	8
3.10.	Outubro.....	9
3.11.	Novembro.....	9
3.12.	Decembro.....	10
4	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2015 EN GALICIA	10
4.1.	Temperatura.....	20
4.2.	Precipitación.....	23
5	Evolución histórica da temperatura e precipitación	27
5.1.	Evolución da temperatura media por mes.....	28
5.2.	Precipitación.....	29
5.3.	Evolución da precipitación por mes.....	30
5.4.	Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés).....	31

➤ **Data edición: 14/01/2016**



Ano cálido en canto á temperatura, 1.0°C por riba do valor medio da serie 1971-2000. En canto á precipitación, ano seco, un 26% inferior ao valor normal do período 1971-2000.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou ó ano 2015. Así analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1971-2000.

Os criterios para definir as categorías climáticas correspondentes á precipitación e á temperatura móstranse na táboa 1.

Categoría PP	Porcentaxe de precipitación total rexistrada respecto da media climática	Categoría temperatura	Diferenza entre a temperatura media e a media climática.
Moi seco	<30%	Moi cálido	$\geq 3^{\circ}\text{C}$
Seco	Entre 30% e 90%	Cálido	Entre $+3^{\circ}\text{C}$ e $+0.5^{\circ}\text{C}$
Normal	Entre 90% e 110%	Normal	Entre 0.5°C e -0.5°C
Húmido	Entre 110% e 190%	Frío	Entre -0.5°C e -3°C
Moi Húmido	>190%	Moi Frío	$\leq -3^{\circ}\text{C}$

Táboa 1: Categorías para precipitación e temperatura.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1971-2000. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente. Así, mesmo o índice de precipitación estandarizada (SPI) que se presentará no punto 4.3, emprégase para identificar períodos húmidos e de secas ó longo do tempo.

Para os cálculos relativos aos valores medios do ano e nos períodos climáticos correspondentes, empregáronse en precipitación 16 estacións meteorolóxicas representativas. Mentres que para a temperaturas empregáronse 11 estacións de referencia para calcular os valores medios.



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2015 EN GALICIA

2.1. Temperatura.

O valor da temperatura media foi case un grao (1.0°C) superior ao valor medio no período de referencia 1971-2000, destacando especialmente os meses de novembro e decembro, moito máis cálidos que o propio desta época. Cabe polo tanto cualificar ao 2015 en conxunto como un ano cálido.

En canto á temperatura o mes de xaneiro do ano 2015 resultou normal, aínda que cunha gran variabilidade, xa que houbo zonas principalmente na provincia de Pontevedra que presentaron anomalías negativas de máis dun grado, e en gran parte da Comunidade as temperaturas estiveron por encima do normal. As chegadas de aire polar ou ártico marítimo, deron lugar a un febreiro frío. Marzo resultou normal, pola cancelación das anomalías de temperatura que se produciron en dous períodos cálido e frío no mes. Marzo deu paso a uns meses de abril e maio cálidos en xeral debido a presenza das altas presións. Xuño tamén foi cálido cunha anomalía de temperatura media positiva en toda a Comunidade. Xullo continuou tamén cálido en xeral, exceptuando as comarcas de Barbanza, Muros e Baixo Miño. A normalidade na temperatura chegou no mes de Agosto, no que houbo unha grande variabilidade orográfica, cun gran contraste entre o litoral atlántico e algunhas áreas do interior. Esta normalidade case se mantivo no mes de setembro, no que aínda que frío, a anomalía de temperatura atopouse xusto no limiar dos -0.5°C. O outono proseguiu con temperaturas, que deron lugar novamente a un outubro cálido en xeral para toda Galicia. Novembro e decembro terminaron o ano, con temperaturas elevadas, resultando ámbolos dous cálidos, aínda que cabe destacar o excepcional que resultou o mes de decembro, no que se acadou a anomalía de temperatura máis alta dende 1961, tanto para as máximas como as medias, e para as mínimas foi o segundo decembro máis cálido moi preto de 1989.



2.2. Precipitación.

En canto á precipitación, o ano 2015 foi seco, cunha porcentaxe do 26% por debaixo do valor climático agardado. O ano anterior máis seco foi 2007.

Xaneiro aínda que foi normal en termos xerais, tanto en precipitación como número de días de chuvia, destacou por presentar dous episodios chuviosos moi concentrados, nos días 15 e 30 do mes. Febreiro tivo unha normalidade na precipitación que foi compensada polo contraste entre zonas moi húmidas da provincia de Lugo e zonas moi secas no sur da Comunidade, se ven a protagonista neste mes foi a neve que se produciu nas primeiras e últimas xornadas do mes. Marzo foi seco, destacando o baixo valor da porcentaxe de precipitación en practicamente toda a provincia de Ourense. Esta tónica continuou tamén en abril, tamén seco, pero neste caso, as porcentaxes máis baixas de precipitación déronse no norte e seguiu tamén cun maio seco no que as chuvias se concentraron na primeira semana do mes. Xuño acadou a categoría de moi seco, destacando a provincia de Coruña, na que non chegou a haber nin un 20% da precipitación normal para esta época do ano. Xullo tamén resultou seco, con excepción da Mariña Luguesa na que choveu máis do dobre do valor climático no período de referencia 1971-2000. O cambio tivo lugar en Agosto, no que o mes resultou húmido, destacan as comarcas de Bergantiños e o Xallas nas que choveu ata un 259% máis do normal. A normalidade apareceu no mes de Setembro no que destaca o carácter moi húmido da comarca da Baixa Limia. Xa no mes de outubro tivemos en xeral un mes húmido pero moi preto da normalidade. Pero o ano rematou con dous meses de novembro e decembro secos en xeral para toda Galicia.



3 DESCRICIÓN DO ANO 2015 EN GALICIA POR MES.

3.1. Xaneiro

O máis destacable deste mes foi a gran variabilidade de situación sinópticas acontecidas que se poden dividir en dous episodios moi claros: nos primeiros doce días, predominio de altas presións e ausencia de precipitación e nas xornadas posteriores, a chegada das borrascas. No primeiro episodio, as xornadas con ceos totalmente despexados, deron lugar a xeadas xeneralizadas. Destacan nas primeiras xornadas os rexistros de presións en superficie, no que moitas estacións se acadaron valores próximos aos 1040hPa. No segundo episodio destaca o río atmosférico que tivo lugar na xornada do 15, na que as chuvias foron cuantiosas e xeneralizadas. Nesta xornada e na do 30 acadáronse refachos de intensidade forte e moi forte en moitos puntos de Galicia. Tamén houbo a entrada dunha masa de aire polar marítimo que deixou nevaradas por riba dos 1000 m de altitude, entre o 18 e o 22. O valor medio para a serie rexional correspondente a este mes foi de 7.7°C e houbo unha anomalía 0.0°C, que fai que o mes se considerase normal. En precipitación, houbo tamén normalidade, con tan só un 5% de porcentaxe de chuvia por riba do normal. O número de días de chuvia oscilou entre os 19 na comarca de Terra de Soneira e os 10 rexistrados practicamente en toda a provincia de Ourense.

3.2. Febreiro

O mes de febreiro estivo caracterizado pola normalidade nas chuvias pero o frío nas temperaturas, debido á entrada de masas de aire polar ou ártico marítimo ao principio e finais do mes. Así as seis primeiras xornadas trouxeron neve por debaixo dos 1000 m, chegando incluso a cota a estar por debaixo dos 500 m nos días 4 e 6. A posición das altas e baixas presións no día 23, deu lugar ademais de precipitación en forma de neve, a unha alerta vermella por mar de fondo no litoral, na que no día 24 se superaron os 10 m de altura de onda significativa. O valor medio da temperatura para as estacións que compoñen a serie rexional de referencia foi de 7.5°C cunha anomalía negativa de -1.3°C o que fai que o mes poda considerarse frío para esta variable. O gran contraste entre as provincias de Lugo e NE de A Coruña, que foron húmidas e o resto da Comunidade que resultou moi seco principalmente no sur de Ourense deu lugar a un mes normal en canto á precipitación. O valor medio do número de días de chuvia foi de 16, onde, en case a totalidade da provincia de Lugo acadáronse valores de ata 20.



3.3. Marzo

Este mes, quedou caracterizado principalmente polas condicións anticiclónicas que deixaron escasas precipitacións, resultando un mes seco, e temperaturas cambiantes, con períodos cálidos ó principio e outros fríos, mesmo con nevaradas nas provincias de Lugo e Ourense, noutras xornadas do mes. Os dous primeiros días de marzo resultaron os máis chuviosos. Os días 5 e o 10 foron cálidos pero foron compensados polos períodos máis fríos na segunda e terceira semana do mes, con lo que o mes en conxunto pode considerarse normal. A temperatura media para Galicia neste mes foi de 10.5°C cunha unha anomalía de 0.2°C. A precipitación media no mes de marzo foi de 48 L/m², un 55% por debaixo do normal, polo que mes considérase seco como se mencionou anteriormente. O número medio de días de chuvia foi de 5, destacando o feito, de que nalgúns localidades da comarca de Ourense, mesmo se acadaron valores de 0.

3.4. Abril

O mes de abril foi tipicamente primaveral, con grandes e bruscas variacións nas condicións meteorolóxicas. Así o sol e a calor, deron paso a aparición de días de treboadas e xornadas de chuvia frontal. O aire frío en altura do día 21 xunto co aire cálido en superficie o día anterior, deu lugar a unha xornada con máis de 2000 raios detectados en toda a Comunidade. No balance do mes, a temperatura media foi de 14.0°C e unha anomalía de 2.5°C, podéndose considerar este mes cálido. En canto ás chuvias, estiveron en xeral por debaixo do agardado, destacando os valores máis baixos correspondentes a metade norte da Comunidade e o Macizo de Manzaneda. A precipitación media foi de 90 L/m² e choveu un 16% por debaixo do normal, polo que o mes considérase en conxunto seco. O número medio de días de chuvia para este mes de abril foi de 11.

3.5. Maio

O mes de maio caracterizouse por presentar as precipitacións concentradas na primeira semana do mes, seguida por un longo período anticiclónico que durou case todo o resto do mes. Os distintos períodos anticiclónicos deron lugar a un mes cálido, no que o valor medio de temperatura para Galicia foi de 15.9°C e houbo unha anomalía positiva de 1.9°C, que non baixou dos 0°C en ningunha localidade. En canto á precipitación, só algúns lugares da comarca do Barbanza resultaron húmidos, como consecuencia dos ventos que sopraron de compoñente



sur na primeira semana do mes. O día catro, rexistráronse en moitas localidades de Galicia ventos superiores a 100 km/h. Destaca o leste da Comunidade, pola súa baixa porcentaxe de precipitación con respecto ao período climático 1971-2000, onde houbo localidades nas que se rexistrou menos da metade da chuvia nun mes de maio normal. O valor medio da precipitación en Galicia foi de 68 L/m², mentres que choveu un 35% menos do normal, polo que, en conxunto, o mes resultou seco. O número medio de días de chuvia foi de tan só 7.

3.6. Xuño

Este mes quedou marcado pola elevada frecuencia de situacións anticiclónicas que deixaron un tempo cálido e moi seco. Ademais, déronse situacións nas que se produzo un achegamento de masas de aire cálido procedente do sur da Península Ibérica e o norte de África. Destaca tamén o número de días nos que se produciron tormentas, que afectaron principalmente as provincias de Ourense e Lugo. Así, neste mes detectáronse 4786 raios en Galicia. As temperaturas pódense considerar máis cálidas do agardado nun mes de xuño. O valor medio das temperaturas foi de 19.4 °C e a anomalía de 2.3 °C, sendo o valor máis alto dende 2006. As precipitacións aínda que de carácter treboento, estiveron en xeral por debaixo do agardado. Nesta ocasión, a provincia de A Coruña rexistrou os valores máis baixos, non superando en case ningún punto o 20% da precipitación normal para este mes. A precipitación media rexistrada en Galicia foi de 12 L/m², mentres que a porcentaxe de precipitación foi un 75% por debaixo do normal, polo que o mes considérase moi seco, moi preto do 89% por debaixo do normal rexistrado no ano 2011. O número medio de días de chuvia neste mes foi de 3.

3.7. Xullo

Xullo foi un mes propio do verán, con tempo seco e soleado, no que tiveron lugar xornadas treboentas e sistemas frontais febles. As temperaturas foron normais principalmente nos puntos máis afectados polos ventos que sopraron do suroeste, pero principalmente nos puntos do interior da Comunidade, as fronteas que chegaron a Galicia apenas puideron ocasionar descensos térmicos. Ademais, destacan as elevadas temperaturas do período comprendido entre as xornadas do 6 e o 17, debidas o aire cálido procedente do norte de África.. Neste mes a evolución da temperatura media tendo en conta as once estación que compoñen a serie rexional, deu lugar a un valor de 20.7°C. En canto a anomalía de temperatura media, esta foi de 1.14°C e polo tanto o mes considerouse cálido. En canto á precipitación, destaca o contraste



entre a Mariña Luguesa, na que choveu máis do dobre do normal e o interior das provincias de Pontevedra de Ourense, onde a porcentaxe de precipitación foi de máis de 80% por debaixo do normal. En conxunto, a precipitación media para Galicia neste mes, foi de 16 L/m² e anomalía de precipitación foi dun 50% por debaixo do normal, considerándose o mes seco. Isto reflíctese en que o número medio de días de chuvia foi de 4. Nas dúas derradeiras xornadas do mes detectáronse máis de 3000 raios en Galicia, dos que máis de 2500 foron na provincia de Lugo, mentres que en Pontevedra non se rexistrou ningún.

3.8. Agosto

O mes de agosto estivo marcado polas situacións de inestabilidade que se sucederon nas primeiras 12 xornadas do mes e que se volveron a reproducir na derradeira semana. Así, o período de maior estabilidade tivo lugar entre as xornadas do 13 e o 25, ademais dunha situación de forte calor nos derradeiros días do mes. As temperaturas neste mes estiveron en xeral por debaixo das agardadas, principalmente debido a moitos días de abundante nebulosidade. Porén, as mínimas estiveron en valores normais. O valor medio de temperatura foi de 19.8°C, cunha anomalía de 0.1°C o que fai que o mes se considerase normal para esta variable. En canto á precipitación, o mes resultou húmido, cun gran contraste entre a provincia de Pontevedra e as comarcas do Barbanza, Fisterra e Xallas e o resto da Comunidade. O número de días de chuvia foi superior ó normal nestas localidades (ata 12). Para todo Galicia, o número medio de días de chuvia foi de 6. En canto a anomalía de precipitación para o conxunto de Galicia, esta foi dun 47% por enriba do normal.

3.9. Setembro

No mes de setembro, aínda que foi na súa meirande parte anticiclónico con predominio de tempo seco, acadáronse valores de precipitacións normais debido a unha borrasca moi profunda que na terceira semana do mes deixou chuvias moi intensas. A temperatura media para este mes de setembro foi de 17.2°C, presentando unha anomalía negativa de -0.64°C, polo que en conxunto para Galicia o mes resultou frío, aínda que moi preto da normalidade. Isto debeuse principalmente ás temperaturas mínimas do mes, que mesmo nos períodos máis cálidos, foron baixas. As chuvias estiveron este mes marcadas polo episodio do 15 de setembro, no que se rexistrou máis da metade da chuvia acumulada todo o mes. A precipitación media para este mes



81 L/m², o que supón que choveu un 9% menos do normal, polo que tendo en conta esta variable, considerouse normal. O número medio de días de chuvia foi de 5

3.10. Outubro

O mes de outubro tivo grandes oscilacións entre períodos de borrascas e anticiclóns, onde os episodios de chuvia foron o suficientemente intensos para acumular máis chuvia da normal. A pesar da inestabilidade e a chuvia, as masas de aire quente asociadas ás borrascas que se desprazaron polo sur da Península Ibérica na meirande parte do mes, fixo que as temperaturas fosen cálidas, tanto nas máximas como nas mínimas. Neste mes a fronte da xornada do 28 e as primeiras horas do 29 foi a máis activa e deu lugar a avisos amarelos por vento e chuvia en diferentes puntos de Galicia. A temperatura media para a serie rexional galega foi de 15.2°C, cunha anomalía de 1.0°C, o que fixo que o mes se considerase cálido. En canto á chuvia rexistrada para Galicia, tivo un valor de 169 L/m², cunha porcentaxe de precipitación de 19% por riba do normal, cualificándose o mes como húmido. O número medio de días de chuvia foi de 12.6. En canto ao vento, nas xornadas do 4 e o 5 rexistráronse en moitos puntos de Galicia valores de refacho de máis de 100 km/h.

3.11. Novembro

O mes de novembro quedou caracterizado pola presenza de altas presións que impediron o normal achegamento das borrascas, típico de esta época do ano. Ademais, estas altas presións, exceptuando a última semana do mes, deron lugar a temperaturas excepcionalmente altas. Na xornada do 7 as máximas acadaron en moitos lugares valores superiores aos 25°C e puntualmente se superaron os 26°C na cidade de Ourense, resultando o valor máis alto da serie neste lugar. A temperatura acadou valores por enriba do normal na totalidade da Comunidade. Así, a media para a serie rexional galega foi de 13.1°C o que supón unha anomalía de 2.3°C, resultando polo tanto cálido. O ano precedente cun valor similar ao do 2015, aínda que lixeiramente inferior, foi 2006. A precipitación media para o conxunto de Galicia foi de 54 L/m², sendo o ano máis seco dos últimos 10 anos, cunha anomalía dun 64% por debaixo do normal. O número medio de días de chuvia para Galicia foi de case 8. Neste mes cómpre destacar ademais que debido ao predominio anticiclónico a rede de detección de raios non detectou ningún raio en Galicia.



3.12. Decembro

O mes de decembro quedou caracterizado en xeral en Galicia pola persistencia das altas presións sobre o Mediterráneo occidental e gran parte da Península Ibérica que impediron o achegamento das borrascas propias desta época do ano. Só puideron acadar en contadas ocasións ao litoral atlántico, onde a chuvia acadou valores próximos aos normais. Destacan ademais os ventos con predominio de compoñente sur, por mor do dipolo formado polas baixas presións atlánticas e as altas do Mediterráneo. Isto propiciou que as temperaturas estivesen moi por encima dos valores normais, acadándose rexistros máximos históricos na serie rexional galega, tanto para as temperaturas máximas, que bateron *records* en moitas localidades, como as mínimas. Destacan dous episodios con chegada de masas de aire de orixe norteafricana que fixeron que en moitos puntos da Comunidade se superasen os 20°C. Así, a temperatura media para este mes en Galicia foi de 11.6°C, cunha anomalía de 2.7°C, o que fai que o mes se considere cálido, moi preto de acadar a categoría de moi cálido. A chuvia rexistrada foi un 53% inferior ó valor normal no período de referencia 1971-2000, polo que o mes tamén se considerou seco.

4 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2015 EN GALICIA

A continuación, na táboa 2, móstranse a media das temperaturas máximas máis altas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia no ano 2015 con valores por riba dos 25°C, sendo as máis numerosas as de Ourense e a continuación as de Pontevedra e Lugo. O mes que máis se repite é xullo, seguido de xuño e só nalgunha estación o valor máis alto de temperatura máxima media rexistrouse en agosto.

Temperaturas media das máximas. Estacións de MeteoGalicia con valores por enriba dos 25°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	33.5	xullo
Remuíño	Arnoia	Ourense	32.9	xullo
A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	32.8	xullo
Ourense	Ourense	Ourense	32.4	xullo
San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	32.0	xullo



Temperaturas media das máximas. Estacións de Meteogalicia con valores por enriba dos 25°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
Verín-Vilela	Verín	Ourense	32.0	xullo
Verín-Vilamaior	Verín	Ourense	31.7	xullo
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	31.5	xullo
As Petarelas	Rubiá	Ourense	31.5	xullo
Prado	Castrelo de Miño	Ourense	31.3	xullo
Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	30.8	xullo
Laza	Laza	Ourense	30.7	xullo
Larouco	Larouco	Ourense	30.6	xullo
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	30.6	xullo
Cequeliños	Arbo	Pontevedra	30.2	xullo
Xabrega	Sober	Lugo	30.0	xullo
Bóveda	Bóveda	Lugo	29.9	xullo
Riós	Riós	Ourense	29.5	xullo
Meder	Salvaterra de Miño	Pontevedra	29.4	xullo
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	29.4	xullo
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	29.3	xullo
Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	29.3	xullo
Baltar	Baltar	Ourense	29.3	xullo
Morelle	Sarria	Lugo	29.2	xullo
Gandarela	Celanova	Ourense	29.2	xullo
Conchada	Quiroga	Lugo	29.1	xullo
Pazo de Fontefiz	Coles	Ourense	29.1	xullo
Courel	Folgoso	Lugo	28.9	xullo
A Trabe	Vilardevos	Ourense	28.9	xullo
Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	28.9	xuño
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	28.8	xullo
Portomarín	Portomarín	Lugo	28.7	xullo
A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	28.5	xullo
San Fiz	Chantada	Lugo	28.4	xullo
Marroxo	Monforte	Lugo	28.3	xullo
Areas	Tui	Pontevedra	28.2	xullo
Monte Medo	Baños de Molgas	Ourense	28.0	xullo
Entrimo	Entrimo	Ourense	27.8	xullo
A Mezquita	A Mezquita	Ourense	27.7	xullo
Amiudal	Avión	Ourense	27.6	xullo



Temperaturas media das máximas. Estacións de MeteoGalicia con valores por enriba dos 25°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
Abradelo	Samos	Lugo	27.5	xullo
Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	27.5	xuño
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	27.5	xuño
O Viso	Redondela	Pontevedra	27.3	xullo
Camanzo	Vila de Cruces	Pontevedra	27.0	xullo
Costa	Rois	A Coruña	26.9	xullo
Caldas de Reis	Caldas de Reis	Pontevedra	26.8	xullo
Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	26.8	xuño
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	26.6	xullo
Pazo de Galegos	Vedra	A Coruña	26.6	xullo
Cespón	Boiro	A Coruña	26.5	xullo
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	26.5	xullo
Campus Lugo	Lugo	Lugo	26.4	xullo
As Eiras	O Rosal	Pontevedra	26.4	xullo
Sergude	Boqueixón	A Coruña	26.4	xuño
Melide	Melide	A Coruña	26.3	xullo
Torrequeintáns	Meis	Pontevedra	26.2	xuño
Soutomaioir	Soutomaioir	Pontevedra	26.1	xuño
Simes	Meaño	Pontevedra	26.1	xuño
San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	26.1	xullo
Pé Redondo	Meis	Pontevedra	26.1	xullo
Olveda	Antas de Ulla	Lugo	26.1	xullo
Barrantes	Ribadumia	Pontevedra	26.0	xullo
Simes	Meaño	Pontevedra	26.0	xullo
Tremoedo	Vilanova de Arousa	Pontevedra	25.9	xullo
Campus Lugo	Lugo	Lugo	25.9	agosto
Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	25.9	xullo
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	25.8	xullo
Soutomaioir	Soutomaioir	Pontevedra	25.8	xullo
Corzos	A Veiga	Ourense	25.7	xullo
Lourenzá	Lourenzá	Lugo	25.7	xullo
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	25.6	xullo
Santiago-EOAS	Santiago de Compostela	A Coruña	25.5	xuño
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	25.5	xuño
Louredo	Mos	Pontevedra	25.5	xuño



Temperaturas media das máximas. Estacións de Meteogalicia con valores por enriba dos 25°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
Abradelo	Samos	Lugo	25.4	xuño
Mabegondo	Abegondo	A Coruña	25.4	xullo
Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	25.3	agosto
Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	25.3	xuño
A Lanzada	O Grove	Pontevedra	25.2	xuño
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	25.2	xullo
Vigo	Vigo	Pontevedra	25.1	xuño

Táboa 2: Temperaturas máximas medias máis altas ano 2015.

Na táboa 3, móstranse as estacións da rede de Meteogalicia ca media das máximas máis baixas, considerando aquelas nas que os valores foron inferiores aos 10°C. Neste caso son Lugo e Ourense as provincias con máis estacións por debaixo deste limiar. Febreiro foi o mes no que a maior parte das estacións acadaron estes valores medios inferiores aos 10°C, destacando cómo na alta montaña ourensá e luguesa a media das máximas é próxima aos 0 °C.

Temperaturas media das máximas. Estacións de Meteogalicia con valores por debaixo dos 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-0.6	febreiro
Xares	A Veiga	Ourense	0.1	febreiro
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	0.9	febreiro
Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	1.9	febreiro
Ancares	Cervantes	Lugo	2.0	febreiro
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.2	febreiro
Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	3.7	febreiro
Corzos	A Veiga	Ourense	3.9	febreiro
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	4.0	febreiro
Alto de Cerredo	A Fonsagrada	Lugo	4.6	febreiro
Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	5.0	febreiro
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	5.2	febreiro
San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	5.2	febreiro
Fontaneira	Baleira	Lugo	5.2	febreiro
Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	5.3	febreiro



Temperaturas media das máximas. Estacións de Meteogalicia con valores por debaixo dos 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Xurés	Muiños	Ourense	5.4	febreiro
Alto do Faro	Chantada	Lugo	5.7	febreiro
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	5.9	febreiro
Abradelo	Samos	Lugo	6.1	febreiro
A Mezquita	A Mezquita	Ourense	6.2	febreiro
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	6.5	febreiro
Corno do Boi	Friol	Lugo	6.5	febreiro
Courel	Folgoso	Lugo	6.5	febreiro
Guitiriz	Guitiriz	Lugo	6.6	febreiro
Labrada	Abadín	Lugo	6.7	febreiro
Marco da Curra	Monfero	A Coruña	6.7	febreiro
Pol	Pol	Lugo	6.9	febreiro
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	6.9	febreiro
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	7.0	febreiro
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	7.1	febreiro
Pereira	Forcarei	Pontevedra	7.2	febreiro
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	7.3	febreiro
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	7.4	febreiro
Muralla	Lousame	A Coruña	7.5	febreiro
Fragavella	Abadín	Lugo	7.5	febreiro
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	7.7	febreiro
Baltar	Baltar	Ourense	7.8	febreiro
Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	7.9	xaneiro
Conchada	Quiroga	Lugo	8.0	febreiro
Olveda	Antas de Ulla	Lugo	8.0	febreiro
Marroxo	Monforte	Lugo	8.1	febreiro
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	8.2	xaneiro
Fontaneira	Baleira	Lugo	8.2	xaneiro
A Pontenova	A Pontenova	Lugo	8.2	febreiro
A Trabe	Vilardevos	Ourense	8.4	xaneiro
Río do Sol	Coristanco	A Coruña	8.4	febreiro
Olas	Mesía	A Coruña	8.4	febreiro
Lanzós	Vilalba	Lugo	8.5	febreiro
Corno do Boi	Friol	Lugo	8.5	xaneiro
Entrimo	Entrimo	Ourense	8.6	febreiro



Temperaturas media das máximas. Estacións de Meteogalicia con valores por debaixo dos 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Xurés	Muiños	Ourense	8.6	xaneiro
A Gándara	Vimianzo	A Coruña	8.7	febreiro
Sambreixo	Guitiriz	Lugo	8.7	febreiro
Riós	Riós	Ourense	8.8	febreiro
Monte Medo	Baños de Molgas	Ourense	8.8	febreiro
Burela	Burela	Lugo	8.8	febreiro
Melide	Melide	A Coruña	9	febreiro
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	9.1	febreiro
Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	9.2	febreiro
Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	9.2	febreiro
Amiudal	Avión	Ourense	9.3	febreiro
Gandarela	Celanova	Ourense	9.4	febreiro
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	9.4	febreiro
Morelle	Sarria	Lugo	9.5	febreiro
Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	9.5	febreiro
As Petarelas	Rubiá	Ourense	9.5	febreiro
Arzúa	Arzúa	A Coruña	9.6	febreiro
Laza	Laza	Ourense	9.6	febreiro
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	9.7	febreiro
Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	9.7	febreiro
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	9.7	febreiro
Castrove	Poio	Pontevedra	9.7	febreiro
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	9.9	febreiro
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	9.9	febreiro
Aldea Nova	Narón	A Coruña	9.9	febreiro
Bóveda	Bóveda	Lugo	9.9	febreiro

Táboa 3: Temperaturas máximas medias máis baixas no ano 2015.

Nas táboas 4 e 5 indícanse as medias das temperaturas mínimas con valores por debaixo dos 2°C e que tiveron valores por encima dos 15°C respectivamente, rexistradas na rede de estacións xestionadas por Meteogalicia.

Foron moitos os casos nos que a media das temperaturas mínimas acadaron valores inferiores aos 2°C, obténdose os valores máis baixos nas zonas altas das provincias de Lugo e Ourense, predominando os meses de febreiro e xaneiro.



Temperatura media das mínimas. Estacións de Meteogalicia con valores por debaixo dos 2°C.				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-4.8	febreiro
Xares	A Veiga	Ourense	-4.8	febreiro
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-3.9	febreiro
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-2.7	febreiro
Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-2.5	febreiro
Ancares	Cervantes	Lugo	-2.3	febreiro
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-2.3	xaneiro
Corzos	A Veiga	Ourense	-2.0	febreiro
Baltar	Baltar	Ourense	-1.7	xaneiro
Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-1.6	febreiro
Verín-Vilela	Verín	Ourense	-1.5	xaneiro
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-1.0	xaneiro
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-0.9	febreiro
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-0.6	xaneiro
A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-0.6	febreiro
Morelle	Sarria	Lugo	-0.5	xaneiro
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-0.5	xaneiro
San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-0.5	febreiro
Xurés	Muiños	Ourense	-0.3	febreiro
Baltar	Baltar	Ourense	-0.3	marzo
Riós	Riós	Ourense	-0.2	xaneiro
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	0.0	febreiro
Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	0.1	febreiro
Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	0.1	febreiro
Fontaneira	Baleira	Lugo	0.4	febreiro
Alto de Cerredo	A Fonsagrada	Lugo	0.5	febreiro
Lanzós	Vilalba	Lugo	0.5	xaneiro
Laza	Laza	Ourense	0.5	xaneiro
As Petarelas	Rubiá	Ourense	0.6	xaneiro
A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	0.7	xaneiro
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	0.7	xaneiro
Verín-Vilamaior	Verín	Ourense	0.7	xaneiro
O Xipro	A Fonsagrada	Lugo	0.8	febreiro
Larouco	Larouco	Ourense	0.8	xaneiro
EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	0.8	xaneiro



Temperatura media das mínimas. Estacións de Meteogalicia con valores por debaixo dos 2°C.				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Alto do Faro	Chantada	Lugo	0.8	febreiro
Abradelo	Samos	Lugo	0.9	febreiro
Bóveda	Bóveda	Lugo	0.9	xaneiro
Sambreixo	Guitiriz	Lugo	0.9	xaneiro
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	1.0	xaneiro
Portomarín	Portomarín	Lugo	1.0	xaneiro
Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	1.0	xaneiro
Conchada	Quiroga	Lugo	1.2	febreiro
A Trabe	Vilardevos	Ourense	1.2	xaneiro
Monte Medo	Baños de Molgas	Ourense	1.3	xaneiro
Remuíño	Arnoia	Ourense	1.3	xaneiro
San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	1.4	xaneiro
Olveda	Antas de Ulla	Lugo	1.4	xaneiro
Corno do Boi	Friol	Lugo	1.4	febreiro
Campus Lugo	Lugo	Lugo	1.4	xaneiro
Ourense	Ourense	Ourense	1.5	xaneiro
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	1.6	xaneiro
Conchada	Quiroga	Lugo	1.6	xaneiro
Entrimo	Entrimo	Ourense	1.6	febreiro
Abradelo	Samos	Lugo	1.7	xaneiro
Pereira	Forcarei	Pontevedra	1.7	febreiro
Pol	Pol	Lugo	1.7	febreiro
Sambreixo	Guitiriz	Lugo	1.7	febreiro
Guitiriz	Guitiriz	Lugo	1.8	febreiro
Arzúa	Arzúa	A Coruña	1.9	xaneiro

Táboa 4: Temperaturas mínimas medias máis baixas no ano 2015.

Considerando o limiar dos 15°C, aquelas estacións situadas no litoral, onde o mar exerce un gran poder suavizante sobre as temperaturas, son as que acadaron os valores máis altos, pero tamén destacan zonas do interior da provincia de Lugo e Ourense nesta ocasión



Temperatura media das mínimas. Estacións de MeteoGalicia con valores por enriba dos 15°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Porto de Vigo	Vigo	Pontevedra	17.6	xullo
Sálvora	Ribeira	A Coruña	16.7	xullo
A Coruña-Torre de Hércules	A Coruña	A Coruña	16.7	xullo
Cariño	Cariño	A Coruña	16.7	xullo
Corón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	16.7	xullo
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	16.5	xullo
Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	16.3	xullo
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	16.2	xullo
Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	16.1	xullo
Sanxenxo	Sanxenxo	Pontevedra	15.9	xullo
Vigo	Vigo	Pontevedra	15.9	xullo
Camariñas	Camariñas	A Coruña	15.9	agosto
Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	15.8	xullo
Ons	Bueu	Pontevedra	15.8	xullo
A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	15.7	xullo
Corrubedo	Ribeira	A Coruña	15.7	xullo
Ourense	Ourense	Ourense	15.7	xullo
Foz	Foz	Lugo	15.5	xullo
CIS Ferrol	Ferrol	A Coruña	15.5	xullo
Lira	Carnota	A Coruña	15.5	xullo
Cespón	Boiro	A Coruña	15.5	xullo
Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	15.5	xullo
Pé Redondo	Meis	Pontevedra	15.4	agosto
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	15.4	agosto
A Lanzada	O Grove	Pontevedra	15.4	xullo
Torrequeixán	Meis	Pontevedra	15.3	agosto
Cequeliños	Arbo	Pontevedra	15.1	xullo
Areiro	Pontevedra	Pontevedra	15.1	xullo
Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	15.1	xullo
Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	15.1	xullo
Vilamor	Mondoñedo	Lugo	15.1	xullo

Táboa 5: Temperaturas mínimas medias máis altas no ano 2015.



Nas táboas 6 e 7 indícanse as temperaturas máximas absolutas máis altas e mínimas absolutas máis baixas rexistradas na rede de estacións de Meteogalicia. Os valores máis altos acadáronse nas xornadas do 9 de xullo e o 29 de xuño en moitas localidades galegas.

Temperaturas máximas absolutas. Valores rexistrados nas Estacións de Meteogalicia.				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	41.2	09/07/2015
Remuíño	Arnoia	Ourense	40.9	09/07/2015
San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	40.6	29/06/2015
Ourense	Ourense	Ourense	40.1	29/06/2015
A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	40.1	29/06/2015
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	39.5	09/07/2015
Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	39.4	29/06/2015
Cequeliños	Arbo	Pontevedra	39.1	09/07/2015
Prado	Castrelo de Miño	Ourense	38.8	09/07/2015
Verín-Vilela	Verín	Ourense	38.7	13/07/2015

Táboa 6: Temperaturas máximas absolutas no ano 2015.

En canto ás mínimas absolutas, na táboa 7 poden verse os valores rexistrados ao longo de 2015. Os valores máis baixos acadáronse principalmente, na provincia de Ourense nalgúns días de febreiro e xaneiro.

Temperaturas mínimas absolutas Valores rexistrados nas Estacións de Meteogalicia.				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
Xares	A Veiga	Ourense	-9.3	08/02/2015
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-8.7	04/02/2015
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-8.2	30/11/2015
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-7.8	05/02/2015
Baltar	Baltar	Ourense	-7.7	07/01/2015
Corzos	A Veiga	Ourense	-7.2	08/02/2015
Verín-Vilela	Verín	Ourense	-7.1	01/01/2015
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-6.8	08/02/2015
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-6.7	18/02/2015
A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-6.7	07/01/2015

Táboa 7: Temperaturas mínimas máis baixas no ano 2015.



Na táboa 8 móstrase a temperatura media do 2015 así como a media do período 1961-1990 e do período 1971-2000.

Temperatura media anual (°C)		
2015	1961-1990	1971-2000
14.4	13.3	13.4

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media anual e a media climática galega.

A temperatura media do ano 2015 foi 1.1°C superior ao valor medio 1961-1990 e 1.0°C respecto ao período 1971-2000.

4.1. Temperatura.

Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o ano 2015. Como se pode apreciar, os valores máis baixos de temperatura acadáronse nas rexións situadas a unha maior altitude. Así, no macizo de Manzaneda, e zona de Pena Trevinca a temperatura acadou valores próximos aos 6.1°C. As temperaturas máis altas déronse principalmente nas Rías Baixas, con valores entorno aos 16.5°C. No interior houbo principalmente, valores entre 10 e 13°C.

Na figura 2, móstrase o mapa de anomalías de temperatura con respecto ao período 1971-2000. Aínda que en media a desviación do 2015 respecto á media climática segundo o mapa foi de 1.0°C, só as zonas situadas máis ao oeste da Comunidade, tiveron temperaturas normais, mentres que a meirande parte de Galicia presentou anomalías de ata 2.1 °C nos casos máis extremos. En conxunto e segundo os valores da táboa 1, o 2015 pode considerarse cálido.




Figura 1: Temperatura media ano 2015.




Figura 2: Mapa de anomalías de temperatura no ano 2015 con respecto ao período 1971-2000.



4.2. Precipitación.

Na táboa 9 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados no ano 2015. Foron concellos de Pontevedra e sur da Coruña onde en xeral se acadaron os máximos pluviométricos, con valores próximos aos 2400 L/m².

Precipitación máxima, acumulado anual no 2015			
Estación	concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	2398
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	2343
Muralla	Lousame	A Coruña	2256
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	2149
Coto Muiño	Zas	A Coruña	1984
Pereira	Forcarei	Pontevedra	1906
Cespón	Boiro	A Coruña	1860
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	1789
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	1748
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	1726

Táboa 9: Valores máximos de precipitación acumulada no ano 2015.

Na táboa 10 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados no 2015. As zonas do interior da provincia de Ourense, e do sur da provincia de Lugo, tiveron os rexistros máis baixos anuais de precipitación neste 2015.

Precipitación mínima, acumulado anual no 2015			
Estación	concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Gandarela	Celanova	Ourense	461
Verín-Vilela	Verín	Ourense	491
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	492
Ourense	Ourense	Ourense	531
Larouco	Larouco	Ourense	533
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	544
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	545
Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	553
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	559
Marroxo	Monforte	Lugo	589

Táboa 10: Valores mínimos de precipitación acumulada no ano 2015.



Na táboa 11 preséntanse os valores máis altos de precipitación diaria. Destaca o día 15 de setembro, no que se acadaron en moitas localidades valores superiores aos 100 L/m², este foi un día, como xa se indicou, no que se recolleu máis da metade da precipitación normal para un mes de setembro.

Precipitación máxima diaria no 2015				
Estación	Provincia	Concello	PP (L/m ²)	Data
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	172	15/09/2015
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	163	15/09/2015
Entrimo	Entrimo	Ourense	146	15/09/2015
Muralla	Lousame	A Coruña	136	15/09/2015
Pereira	Forcarei	Pontevedra	133	15/09/2015
Ordes	Ordes	A Coruña	122	05/10/2015
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	118	15/09/2015
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	116	15/09/2015
Penedo do Galo	Viveiro	Lugo	114	19/10/2015
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	113	15/09/2015
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	112	15/09/2015
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	111	30/01/2015
Areas	Tui	Pontevedra	108	15/09/2015
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	108	15/09/2015
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	107	15/09/2015
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	106	04/10/2015
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	101	30/01/2015
Entrimo	Entrimo	Ourense	100	05/10/2015

Táboa 11: Precipitación máxima diaria no ano 2015

Na táboa 12 pode verse o acumulado medio obtido das estacións que compoñen a serie rexional e os valores medios do período 196-1990 e do período 1971-2000.

Precipitación acumulada anual (L/m ²)		
2015	1961-1990	1971-2000
982	1343	1329

Táboa 12: Comparación entre a precipitación acumulada no ano 2015 e os valores climáticos.



A porcentaxe de precipitación con respecto ó valor normal do período de referencia 1971-2000 é un 26% inferior ao agardado, o que indica que este ano foi seco segundo os criterios da táboa 1.

Como se pode ver na figura 3, os rexistros máis elevados de chuvia corresponden ao suroeste da provincia da Coruña e interior de Pontevedra, primeiras zonas de encontro dos sistemas frontais procedentes do Atlántico co relevo galego. Aínda que con moita menos precipitación destacan tamén as serras setentrionais do Xistral e Faladoira e tamén o macizo de Manzaneda e Serra do Courel. Ao nordés destas zonas acadáronse mínimos pluviométricos, deixando ben patente a influencia orográfica nas precipitacións e tamén deixando mostra de que os ventos que acompañan habitualmente as chuvias son de compoñente sur-suroeste. O resto da Comunidade rexistrou valores de precipitación moi baixos para un ano normal, que oscilan entre os 200 e os 1000 L/m².




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada no ano 2015.



Na figura 4 pode verse a porcentaxe de precipitación rexistrada con respecto á media climática, sempre con período de referencia 1971-2000.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no ano 2015.

Os valores máis baixos correspóndense ás Comarcas do Valdeorras, Verín e Pobra de Trives con porcentaxes próximas a un 60% por debaixo do normal. Os valores máis altos están na normalidade, moi próximos ao 110%. Segundo os valores obtidos do mapa a porcentaxe de precipitación no pasado 2015 foi un 26% inferior ao valor normal no período de referencia, polo que segundo os criterios da táboa 1, no conxunto de Galicia o ano considérase seco.

5 Evolución histórica da temperatura e precipitación.

Para a temperatura, considéranse 11 estacións de referencia para obter os valores medios.

Na figura 5 pode verse a evolución da temperatura media anual no período 1961-2015. O valor medio da temperatura foi de 14.4°C.




Figura 5: Evolución da temperatura media anual ó longo do período 1961-2015.

A anomalía media para o 2015, obtida a partir das anomalías medias das 11 estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.0 °C polo que o ano considérase cálido.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura media anual, respecto ó período 1971-2000.



5.1. Evolución da temperatura media por mes

Na figura 7 móstrase a temperatura por mes. Compáranse os anos 2012, 2013, 2014 e 2015 co valor climático do período 1971-2000. Destaca especialmente os meses de xullo, novembro e decembro, sendo neste último o valor máximo da serie, cun valor similar ao acadado en 1989.




Figura 7: Temperatura media mensual nos anos 2012, 2013, 2014 e 2015 e a media 1971-2000.



5.2. Precipitación

Para construír a serie de precipitación representativa de Galicia, empréganse 16 estacións meteorolóxicas. No presente ano 2015, rexistráronse 982 L/m², moi por debaixo dos 1329 L/m² normais.




Figura 8: Evolución da precipitación anual ó longo do período 1961-2015.

A anomalía media para o 2015, obtida a partir das anomalías das 16 estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 26% inferior á media 1971-2000. Esta desviación é a máis baixa dende o ano 2007.




Figura 9: Evolución da anomalía de precipitación anual, respecto ó período 1971-2000.



5.3. Evolución da precipitación por mes

Na figura 10 móstrase a chuvia rexistrada por mes. Compárase os anos 2012, 2013, 2014 e 2015 co valor climático do período 1971-2000. En 2015 os meses máis chuviosos non foron quen de superar os valores acadados no 2013, moi por debaixo de forma significativa dos valores normais principalmente nos meses de novembro e decembro (aínda que decembro de 2014 foi incluso máis seco). Porén, o mes de agosto acadou os valores máis altos de precipitación, resultando húmido.




Figura 10: Chuvia mensual dos anos 2012 a 2015 e a media 1971-2000.



5.4. Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)

O SPI representa o número de desviacións típicas que un valor concreto de precipitación se separa da media da serie en un determinado intervalo temporal. Este índice permite fixar o comezo e fin dun episodio de seca, así coma a súa intensidade.

Na táboa 13 móstranse as diferentes clases e valores do SPI:

SPI	Clase	Probabilidade Acumulada
$SPI \geq 2.00$	Extremadamente húmido	0.977 - 1.00
$1.50 \leq SPI < 2.00$	Moi húmido	0.933 - 0.977
$1.00 \leq SPI < 1.50$	Moderadamente húmido	0.841 - 0.933
$-1.00 \leq SPI < 1.00$	Normal	0.159 - 0.841
$-1.50 \leq SPI < -1.00$	Moderadamente seco	0.067 - 0.159
$-2.00 \leq SPI < -1.50$	Moi seco	0.023 - 0.067
$SPI < -2.00$	Extremadamente seco	0.000 - 0.023

Táboa 13: valores do SPI

Para o cálculo do SPI, considerouse un conxunto de 16 estacións con valores mensuais entre 1961 e 2015.

O índice SPI-12 tén en conta a chuvia acumulada do propio mes e dos 11 meses previos e o SPI-24 do propio mes e dos 23 anteriores. Estes índices de precipitación estandarizada, reflicten patróns de precipitación a longo prazo, tendendo a situarse en torno a cero, a menos que se estea a producir unha tendencia húmida ou seca característica, que se asocia xa aos cuaces fluviais e niveis dos reservorios de auga.

Así, no final do 2014, o SPI-12 estivo no rango normal, sen embargo, nos últimos dous meses do ano 2015 o SPI-12 xa estivo no rango de moi seco. O SPI-24 finalizou moderadamente húmido o 2014 e o 2015 rematou na categoría de normal.

Tendo en conta o SPI-12, o período de 12 meses máis seco (-1.59) foi dende xaneiro do 2015 a decembro de 2015. Considerando o SPI-24, o maior valor deuse en xaneiro (0.75), e foi diminuindo progresivamente ata o valor de -0.48 en decembro, sen embargo, estes valores están dentro da normalidade, polo tanto o período dende xaneiro de 2014 a decembro de 2015 (24 meses) pode considerarse normal.

Na táboa 14 móstranse os valores de chuvia do SPI-12 e SPI-24 para os anos comprendidos no período 2010 ao 2015. Destaca o episodio de seca de finais de 2011 e do ano 2012



Ano	2010											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	172	204	123	61	80	94	21	7	26	228	196	149
SPI-12	0.43	0.78	0.93	0.88	0.88	0.81	0.58	0.58	0.65	0.84	0.67	0.15
SPI-24	0.29	0.62	0.64	0.31	0.1	0.27	0.25	0.13	0.04	0.4	0.55	0.57
Ano	2011											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	156	110	81	66	41	8	22	48	17	138	134	101
SPI-12	0.09	-0.23	-0.34	-0.36	-0.5	-0.8	-0.78	-0.64	-0.72	-1.07	-1.44	-1.92
SPI-24	0.33	0.37	0.44	0.39	0.29	0.04	-0.13	-0.04	-0.06	-0.17	-0.51	-1.14
Ano	2012											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	37	12	24	175	100	79	21	34	56	103	165	230
SPI-12	-2.32	-2.57	-2.6	-2.23	-1.96	-1.61	-1.57	-1.66	-1.59	-1.76	-1.75	-1.33
SPI-24	-1.45	-1.89	-2.12	-1.89	-1.82	-1.82	-1.8	-1.76	-1.84	-2.25	-2.31	-2.23
Ano	2013											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	266	107	273	114	77	43	22	8	78	251	115	188
SPI-12	-0.22	0.14	0.84	0.71	0.65	0.53	0.53	0.45	0.55	1.01	0.92	0.86
SPI-24	-1.7	-1.58	-1	-0.93	-0.82	-0.71	-0.71	-0.83	-0.74	-0.42	-0.47	-0.25
Ano	2014											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	301	278	101	85	62	51	50	39	96	140	258	63
SPI-12	0.9	1.31	0.74	0.70	0.67	0.68	0.75	0.84	0.95	0.61	1.11	0.78
SPI-24	0.46	1.02	1.15	1.01	0.93	0.84	0.90	0.92	1.09	1.18	1.37	1.08
Ano	2015											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	164	122	48	90	68	12	16	61	81	169	54	98
SPI-12	0.22	-0.33	-0.47	-0.48	-0.46	-0.59	-0.69	-0.63	-0.74	-0.63	-1.54	-1.59
SPI-24	0.75	0.72	0.20	0.16	0.13	0.06	0.04	0.17	0.18	-0.04	-0.2	-0.48

Táboa 14: Valores de chuvia, SPI-12 e SPI-24 para os anos 2010, 2011, 2012 e 2015.

Nas figuras 11 e 12, pode verse a evolución dos índices SPI-12 e SPI-24 dende 1961.




Figura 11: Evolución do índice SPI-12 dende 1961.




Figura 12: Evolución do índice SPI-24 dende 1961.

MeteoGalicia
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Xunta de Galicia